

LIV

Festa do Carneiro ao Espeto[®] Moraña

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO


Do 2 ao 30 de Xullo

Programa 2023

Colaboran



galicia



//ABANCA

Organiza



Concello de
MORAÑA

www.festadocarneiroomespeto.com

DOMINGO 2 DE XULLO

09:00 Horas. II BTT CARNEIRO Ó ESPETO ANDAINA

Na explanada, a carón do Multiusos, será a saída da II BTT Carneiro ó Espeto, que percorrerá varias parroquias do concello. Paralelamente teremos unha andaina, outra maneira de coñecer a nosa contorna. Organizado pola Asoc. Cultural Romería de Santa Xusta de Moraña

11:00 Horas. FEIRA DE ARTESANÍA

Na Carballeira de Santa Lucía, artesáns de Moraña e arredores expoñerán os seus traballos. A partir das 21:00 h. degustación gratuíta de paella a cargo do chef Miguel Mosteiro e actuación de Pequeña Gran Compañía.

SÁBADO 8 DE XULLO

21:30 Horas. ESPÉTALLE UN PINCHO Degustación Gastronómica do Carneiro

Un ano máis, na Carballeira de Santa Lucía poderemos degustar as distintas maneiras de preparar o carneiro que nos ofrecerán os bares e restaurantes participantes. A velada estará amenizada coa actuación de Pablo Balseiro e os Cascarillas.

LUNS 10 DE XULLO

09:00 Horas. OBRADOIRO DE XABÓNS NATURAIS

Obradoiro que nos ensinará a facer xabóns artesanalmente. Para persoas maiores de 18 anos. Serán tres sesións, (os días 10, 12 e 14) de dúas horas de duración cada unha e hai límite de prazas. Inscribirse na Biblioteca.

DOMINGO 16 DE XULLO

21:30 Horas. TEATRO

No Multiusos, a compañía Fulano, Mengano e Citano representará a comedia "O que hai que ver".

XOVES 20 DE XULLO

21:00 Horas. CONCERTO DE VERÁN Patio traseiro da Casa de Cultura

Os nenos e nenas da Escola de Música Municipal de Moraña deleitarannos cun concerto no que tocarán pezas instrumentais e vocais de estilo variado.

VENRES 21 DE XULLO

21:30 Horas. MONÓLOGO Multiusos

O actor e director Quico Cadaval presentaranos o seu espectáculo "Pantasma Familiares", co que as risas estarán aseguradas.

SÁBADO 22 DE XULLO

21:00 Horas. **CERTAME CORAIS**
Multiusos

Organizado pola Coral Voces Amigas de Moraña, teremos o certame de corais coa actuación da Coral Polifónica Xuntanza de Meis, a Coral Polifónica de Salcedo e a anfitrióna, a Coral Voces Amigas de Moraña.

LUNS 24 DE XULLO

16:30 Horas. **FESTA ACUÁTICA**

Na Piscina Municipal gozaremos dunha divertida tarde con inchables, actividades acuáticas, xincanas...

MARTES 25 DE XULLO

17:00 Horas. **FINAIS DO TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL**

No Campo de Fútbol de O Buelo terá lugar o II Torneo Interparroquial de Fútbol, organizado polo Moraña C.F. O torneo disputarase os días 21 e 22, sendo a Final o martes 25 ás 19:00 horas.

MÉRCORES 26 DE XULLO

22:30 Horas. **CINE NA RÚA**

Na explanada do Multiusos proxectaremos unha divertida comedia familiar para o desfrute de todos os asistentes.

XOVES 27 DE XULLO

20:00 Horas. **FESTA INFANTIL**
Patio traseiro da Casa de Cultura

Tarde divertida de baile e xogos amenizada polo DJ Javi Solla. Ademais teremos cócteles saudables para refrescarvos entre baile e baile.

23:00 Horas. **FESTA HOLI**

A partir das 23:00 horas será o turno dos e das adolescentes. Festa de cores destinada á xuventude de 12 a 17 anos. Música con DJ e cócteles sen alcohol. Para a festa holi é imprescindible inscribirse na Biblioteca. Prazas limitadas.

VENRES 28 DE XULLO

19:00 Horas. ESPECTÁCULO CIRCENSE

Patio traseiro da Casa de Cultura

Javi Malabares amosaranos o seu espectáculo "A fuego lento" misturando humor, malabares, gozo e ledicia a partes iguais.

20:30 Horas. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "MOSTRA DE ARTESANÍA E RESTAURACIÓN"

No Multiusos

Organizada pola Asociación de Mulleres Rurais "O Menhir".
Amosarannos o incrible traballo que fan coa súa adicación e agarimo.

23:00 Horas. VERBENA

Coa actuación das orquestras:

LOS PLAYER'S ATENAS

SÁBADO 29 DE XULLO

11:00 Horas. FESTA DA BICICLETA

A Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos, que queirades acompañarnos a dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorreremos as rúas do núcleo urbano acompañados da Banda de Música Nova Lira de Moraña, para logo visitar distintos lugares do noso Concello. Haberá camisetas para todos os que participedes e sortearemos algún que outro agasallo.

23:00 Horas. GRAN GALA CARNEIRO Ó ESPETO

Coas actuacións de:

MICHAEL LEGEND AZÚCAR MORENO

TRIBUTU A MICHAEL JACKSON

DASOUL DISCO MÓVIL EUPHORIA

DOMINGO 30 DE XULLO

11:00 Horas. ANIMACIÓN DE RÚA

A cargo da Charanga OS ENCERELLADOS

14:00 Horas. ASIGNACIÓN DE LOTES

14:30 Horas. EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO

Sobremesa amenizada pola Charanga OS ENCERELLADOS.

20:00 Horas. Actuación de PELEPAU

22:30 Horas. REMATE DAS FESTAS

Coa actuación da orquestra **KUBO**